



**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A
REAL ACADEMIA DE CIENCIAS DE GALICIA (RAGC) PARA O
DESENVOLVEMENTO DO CURSO "RETOS TECNOLÓXICOS NA PRODUCCIÓN E
ALMACENAMENTO DE ENERXÍAS RENOVABLES"**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Real Academia de Ciencias de Galicia (RAGC), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e rematará o 30 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e a RAGC no desenvolvemento dun curso no que se aborden os "Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables", de 15 horas totais de duración e a desenvolver entre o 27 e o 30 de xuño de 2022 entre Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña, contando para elo con conferenciantes externos de recoñecido prestixio nos seus eidos de especialización.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Inega constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

A RAGC é unha corporación científica de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar que ten como un dos seus obxectivos básicos fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das Ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadxuvante do desenvolvemento socio-económico.

O INEGA e a RAGC consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para asegurar a adecuada difusión e divulgación das tecnoloxías relacionadas coa produción e almacenamento de enerxías renovables para a súa aplicación e aproveitamento nos





diferentes sectores de actividade da nosa sociedade ó obxecto de adecualos ós actuais procesos de transición enerxética e descarbonización.

O obxecto do Convenio de Colaboración ademais de establecer as condicións de colaboración entre o INEGA e a RAGC para o adecuado desenvolvemento do citado curso, ten como fin garantir a posta a disposición de información pública relevante e actualizada nas tecnoloxías relacionadas coa transición enerxética e a descarbonización.

O Inega colaborará coa RAGC no financiamento do obxecto de presente convenio, cunha achega de dous mil euros (2.000,00€) do seu orzamento de gastos para o ano 2022, con cargo a aplicación orzamentaria 06.A3.733A.445.0.

O orzamento total da actividade formativa ascende a vinte mil cen euros (20.100 €).

Esta orzamento cobre os honorarios dos relatores e dirección do curso, os custos de organización, de viaxe e estadia dos relatores, deseños gráficos, edición do libro e impresión, o aluguer das salas, difusión e retransmisión telemática segundo se desglosa no cadro adxunto.

	custe/Udade.	Udade.	
Conferencias	300	12	3.600
Dirección	600	1	600
Organización	3.500	1	3.500
Deseños e imprenta	3.000	1	3.000
Café networking	4	500	2.000
Aluguer de locais	500	2	1.000
Difusión	3.000	1	3.000
Transmisión telemática	500	4	2.000
Desprazamento e estadia relatores	4	350	1.400
		TOTAL	20.100

En relación co convenio que o INEGA pretende subscribir coa RAGC non é posible promover a concorrência pública debido á especificidade do seu obxecto e pola especificidade das características que deben cumprir as entidades colaboradoras.

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras





debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. Neste caso, as razóns as que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha asociación sen ánimo de lucro, que está interesada en asegurar a axeitada difusión e divulgación das tecnoloxías relacionadas coa produción e almacenamento de enerxías renovables para a súa aplicación e aproveitamento nos diferentes sectores de actividade da nosa sociedade ó obxecto de adecualos ós actuais procesos de transición enerxética e descarbonización, desenvolvendo un curso no que se aborde os "retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables", co fin de garantir a posta a disposición de información pública relevante e actualizada das tecnoloxías relacionadas coa transición enerxética e a descarbonización.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do Departamento de Enerxía,
Juan I. Rodríguez Fernández-Arroyo

